

Agustín Fernández Paz

Publicado para acompañar unha exposición do autor

VINTEDOUS FRAGMENTOS UNHA APROXIMACIÓN Á OBRA DE MIGUELANXOPRADO

Agustín Fernández Paz naceu en Vilalba (Lugo), no ano 1947. Perito Industrial Mecánico; Mestre de Ensino Primario; Licenciado en Ciencias da Educación; Diplomado en Lingua Galega. Traballou como profesor de EXB e, entre 1988 e 1990 foi membro do Gabinete de Estudos para a Reforma Educativa, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. É membro da Ponencia de Lingua do Consello da Cultura Galega. Na actualidade, é profesor de Lingua Galega e Literatura no IES Os Rosais 2, de Vigo. Desde mediados dos anos setenta estivo ligado ós movementos de renovación pedagóxica e participou na elaboración de numerosos materiais didácticos. É autor de diversos traballos espallados por xornais e revistas. Polo conxunto dos seus escritos sobre cómics concedéuselle, en 1992, o "Premio Ourense de Banda Deseñada". É un dos actuais directores da Colección "Merlín" de literatura infantil e xuvenil.

Agustín Fernández Paz ten traballado sobre a banda deseñada, en bos libros de divulgación e artigos. Un dos seus textos, 22 Fragmentos, escribiuno para acompañar unha exposición sobre a obra de Miguelanxo Prado, podes descargalo para o teu ordenador e coñecer mellor a obra deste case mítico debuxante. Aquí podes ler unha parte do texto e descargalo enteiro nun ficheiro comprimido. Un texto apaixonante.

1

Se pretendo, ó longo deste traballo, expresar as miñas opinións sobre a obra de Miguelanxo Prado, debo comezar explicando desde onde falo. Así que aclararei de contado o terreo en que me sitúo: gústame moito ler cómics, son unha persoa fascinada pola maxia que atopo nas páxinas da narrativa debuxada. Cun bo cómic nas mans experimento un placer semellante ó que podo ter cando leo unha boa novela ou cando vexo unha película de interese. Porque o que a min de verdade me gusta é que me contan historias.

E, xa se sabe, hai persoas que as contan servíndose sobre todo das palabras, porque nelas habita esa extraña maxia que lles permite crear persoas e mundos tan reais coma os que convencionalmente chamamos verdadeiros. E hai tamén persoas que escollen contar as historias a través de imaxes en movemento, mergullándose na complexidade desa fábrica de soños que é o cine. Pero existen outras que escollen, para nos ofrecer as súas historias, unha canle máis arriscada, solitaria e fascinante: o cómic. Unha canle que comparte cos libros o mesmo soporte: o papel; pero que comparte co cine, ó tempo, o máis esencial: ofrecernos as historias a través dunha sucesión de imaxes secuenciadas. Miguelanxo Prado é unha desas persoas.

2.

A opinión que ten o lector de narrativa convencional do lector -aficionado ou ocasional- de ciencia ficción [ou de cómics, engado eu] é curiosa: veo coma un bicho raro e pregúntase incluso, secretamente, que outras desviacións íntimas non acompañarán ese estraño rasgo externo do seu carácter. Ler ciencia ficción [ou cómics, sigo engadindo eu] aínda resulta sospeitoso neste país. Por unha

banda, parece indicar un certo embrutecemento da sensibilidade -¡hai tanto realmente importante por ler!; por outra, unha perigosa tendencia ó escapismo.

Jacinto Antón: Marcianos de ollos amarelos (Babelia - EL PAIS. 7-3-1992)

3.

Xa dixen que me gusta ler cómics, pero iso non chega. Funcionan por aí retratos robot cos que non me sinto identificado para nada. Así que declaro solemnemente que estou moi lonxe dos afeccionados ós cómics / fracción nostálgica ou dos afeccionados ós cómics / fracción enciclopédica . Non é que non lembre con pracer os cómics da miña infancia (algunhas planas de Benejam, de Coll ou de Vázquez seguen parecéndome antolóxicas; certas historias do primeiro Capitán Trueno seguen a me sorprender pola súa forza narrativa), nin é tampouco que desprece a información que me pode axudar a entender mellor algúns dos meus cómics preferidos. É, sinxelamente, que eu son só un (simple) lector de cómics. E punto.

Non teño, por tanto, unha información privilexiada que me permita un achegamento diferente á obra de Miguelanxo Prado. Como lector, descubrín hai tempo as súas primeiras historias, en 1984, unha das revistas de cómics para adultos que se publica(ba)n en España. É certo que non era un nome descoñecido para min: sabía dalgunhas cousas súas que se publicaran aquí, en Galicia, cando el e outros compañeiros tentaban o soño de facer posible un cómic galego (a revista Xofre, as tiras de serie A orde da Pedra). Eran intentos de interese, uns primeiros pasos, probablemente imprescindibles para chegar a unha expresión orixinal e propia. Pero non tiñan nada que ver coas historias engaiolantes que, baixo o título xenérico de Fragmentos de la Enciclopedia Déléfica, limos con abraio, mes a mes, ó longo do ano 1983. Porque alí (e quizais non é doado explicalo, era máis doado decatarse) estaba presente todo o que os afeccionados lle pedimos ó mellor cómic: unhas imaxes de rara perfección, unhas historias que entretiñan pero que tamén nos falaban das preocupacións e das dúbidas que habitan en todas as persoas e, sobre todo, unha forma de contar a historia (os entendidos chamaríanlle planificación) que, como no mellor cine, a penas se notaba. Só na segunda lectura, nunha análise máis demorada, chegabas a ser consciente da sólida e complexa arquitectura que sostíña aquela historia de aparencia sinxela. Cualidades todas que só de cando en vez temos a sorte de atopar reunidas.

4.

Os que mercamos, mes a mes, as revistas de cómics que hai no mercado mereceríamos algo así como un premio á combatividade. Esas revistas naceron e tiveron a súa época gloriosa nos anos posteriores á morte de Franco, coa desaparición das trabas censoras e a eclosión dunha nova sensibilidade social. Nelas limos o mellor cómic europeo, un cómic que xa levaba anos facéndose e publicándose noutros países e que aquí coñecemos só de referencias. Foron uns anos nos que, agás algunhas páxinas de recheo, a maioría das historias que

contiñan estas revistas era de alta calidade. E así puidemos ir sabendo da obra de Hugo Pratt, de Moebius, de Caza, de Guido Crepax, de Druillet, de Christin/Bilal... E apareceron obras de autores españois como Carlos Giménez, Luis García ou J. M. Beà. Pero, esgotadas as historias represadas, empezou o que nestes últimos anos é a norma habitual: as revistas ofrecen un conxunto de narracións de moi escaso interese e só de cando en vez é posible atopar algo máis que alardes visuais ou historias repetidas unha e outra vez. Só de cando en vez descubres o pracer esquecido do auténtico cómic. Miguelanxo Prado e uns poucos nomes máis son os responsables de que algunha xente aínda nos sigamos achegando ós quioscos os primeiros días de cada mes.

5.

Era o ano 1985 cando apareceu o primeiro álbum de Miguelanxo Prado: Fragmentos de la Enciclopedia Déléfica. Nel recollíanse as doce historias que foran aparecendo, ó longo dos meses anteriores, na revista 1984. O álbum aparecía nunha serie adicada á ciencia-ficción e, a primeira vista, a inclusión podía parecer acertada. As historias que compoñen os "Fragmentos..." ocorren nun mundo futuro, e nelas hai planetas descoñecidos e naves espaciais e outras formas de civilización. Pero dicir que a "Enciclopedia Déléfica" é unha obra de ciencia-ficción pode ser un reduccionismo moi inxusto.

Socialmente, hai uns estereotipos sobre a ciencia-ficción que están presentes e que convén desvelar. Todos os que amamos a SF sabemos que ten moi pouco que ver coa iconografía que o cine e moitos cómics popularizaron: naves espaciais, alieníxenas, planetas descoñecidos, estrañas máquinas, tecnoloxía inquietante, etc. Esa pode ser a epiderme, a casca (e moitas obras só son iso, pura epiderme); pero nas boas historias hai, máis alá da superficie, unha reflexión sobre nós mesmos, sobre as persoas, aquí e agora. Búscase nelas falar dos problemas de hoxe, das grandes interrogantes que nos preocupan, a través duns contidos que formalmente nos remiten a outros tempos e a outros mundos e que fan, quizais, máis doada a exposición. Pero a auténtica SF nunca é unha vía de escape; ó contrario, sempre é un espello no que se nos ofrece unha imaxe de nós mesmos.

"A Enciclopedia Déléfica é un intento de fabular o futuro e de fabulalo ademais dunha forma pseudohistórica. O longo de 12 capítulos e dun espacio de tempo moi dilatado tentei establecer un fío conductor e que tivese unha lóxica dentro dos acontecementos que se ían desenvolvendo na narración. Tamén quixen que todos os capítulos tivesen unha lectura negativa. Trátase dunha serie de erros humanos, a pesar dos cales podemos ver que hai unha especie de evolución histórica que está por riba desa capacidade innata do ser humano para cometer erros. Cada capítulo é un pouco a historia desa metedura de pata o que non impide que o seguinte nos mostre un entorno que evolucionou e que, en certos casos, mellorou."

(Anacos dunha entrevista con Miguelanxo Prado, aparecida na revista Cairo, nº 64).

6.

Fragmentos de fragmentos. Anacos extraídos dos breves textos que encabezan cada unha das historias dos "Fragmentos de la Enciclopedia Déléfica":

COD 37A588 ERA ATOMICA 1945 A 2100

R.13.02.3 A PRINCIPIOS DO 21 DESENVOLVÉRONSE AS TÉCNICAS DE IMITACION DE ORGANISMOS ANIMAIS (BIOIDES) QUE CULMINARON COA PRODUCCION DE ANDROIDES.

G.27.88.0 GOBERNO. (46) NO 2013 FORMOUSE O PRIMEIRO SISTEMA FEDERAL MUNDIAL.

M.22.07.8 MUTANTES (M, 58) O PRIMEIRO CASO OFICIAL QUE CONSTA REXISTRADO FOI O DE OBAN GHENA, NADO EN LUA E IMPLICADO NO EPISODIO DE "CREPUSCULO". NO 2098 A MUTACION FOI ESTABLE A PARTIR DA SEGUNDA XERACION.

COD 44A620 ERA SOLAR 2100 A 3000

G.84.22.4 GOBERNO FEDERAL. NO 2446 CULMINOU O PROCESO QUE LEVOU O PRIMEIRO GOBERNO FEDERAL DE TERRA, DIVIDIDO EN SEIS PROVINCIAS CUN CERTO GRAO DE AUTONOMIA.

C.77.56.9 COLONIAS SOLARES. NO 2400 ESTABLECÉRANSE XA COLONIAS EN MARTE, IO E EUROPA. AS TRES BASEABAN A SUA ECONOMIA NO PROCESADO DE MATERIAIS OBTIDOS NO CINTO DE ASTEROIDES. PRIMEIRO EN MARTE E LOGO NOS SETÉLITES XOVIANOS, FOI NACENDO UN SENTIMENTO DE INDEPENDENCIA QUE REXEITABA A POLITICA PREPOTENTE E IMPERIALISTA DA TERRA.

S.75.04.1 SISTEMA SOLAR. GANIMEDES E IO OBTIVERON UNHA INDEPENDENCIA TACITA NO 2457. CONSEGUIRON DOTAR OS DOUS SATELITES DE ATMOSFERAS RESPIRABLES. ERAN OS PRINCIPIOS DA ENX. CATALIZADORA.

COD63H544 ERA COSMICA (E. PALEOCOSMICA OU GALACTICA 3000 A 7000)

S.77.64.0 SALTOS EVOLUTIVOS. O REDOR DO 4250 EMPEZARON A NACER OS QUE FORON CHAMADOS "NOVOS NENOS", DOTADOS DE SISTEMAS PERCEPTIVOS E POSIBILIDADES CEREBRAIS ATA DAQUELA DESCOÑECIDAS OU EN ESTADO RUDIMENTARIO. FOI A APARICION DA

NOVA RAZA, O HOMO NOVO. O FENOMENO DENOMINOUSE SALTO EVOLUTIVO.

R.46.83.4 RACISMOS (142d) A APARICION DA NOVA RAZA PROVOCOU TENSIONS SOCIAIS QUE DESEMBOCARON NUN PATENTE E VIOLENTO RACISMO.

G.24.32.2 GALAXIA (322k) EXPANSION. NA PROGRESIVA EXPANSION HOUBO ZONAS DA GALAXIA QUE QUEDARON EXCESIVAMENTE ATRASADAS, TÉCNICA E SOCIALMENTE; ERAN OS DERRADEIROS REDUCTOS, ONDE O HOMO SAPIENS AINDA NON FORA DESPRAZADO POLO HOMO NOVO. FORON ESCENARIOS DE CONSTANTES GUERRAS E ESCARAMUZAS QUE INSTAURABAN E DERROCABAN REXIMES A VELOCIDADES VERTIXINOSAS.

G.224.54.3 XENET. SALTO EVOL. NA DECADA DO 5010 O 5020 DESENVOLVEUSE CON RAPIDEZ O SISTEMA DE INDUCCION DO SALTO EVOLUTIVO NOS PRIMATES, RESULTANDO A UNICA MUTACION ESTABLE A DO CHIMPANCÉ. INCLUSO AS SUAS CARACTERISTICAS FISICAS QUEDARON LEVEMENTE ALTERADAS. CUNHA CAPACIDADE INTELLECTUAL SEMELLANTE A DO HOMO SAPIENS, AINDA QUE SEN O HERDO CULTURAL DESTE, UTILIZOUSE PARA FACER OS LABORES MANUAIS E DE MANTENEMENTO. DURANTE UN LONGO PERIODO FORON ESCRAVOS.

COD 44J145 ERA COSMICA (ÉPOCA MESOCOSMICA 7000 A 8000)

S.96.750.4 SOCIOLOXIA (988/33b) (...) A SOCIEDADE BASEOUSE EN TRES ESTAMENTOS: OS SIMIOS TRABALLADORES, OS ANDROIDES SUPERVISORES E OS GRUPOS HUMANOS, VOLCADOS NUNHA INTENSA ACTIVIDADE INTELLECTUAL.

G.74.815.3 GALAXIA EXPANS. NAS LOITAS QUE O LONGO DO DERRADEIRO TERCIO DO SÉPTIMO MILENIO SE MANTIVERON CONTRA OS REVOLUCIONARIOS AUTONOMISTAS UTILIZOUSE OS PRIMATES COMO FORZAS BELICAS. ERAN OS COLETAZOS DUNHA ESCRAVITUDE QUE AXIÑA REMATARIA.

COD 05J101 ERA COSMICA (ÉPOCA NEOCOSMICA 8000 A 10000)

S.02.45.702 SOCIOLOX. NO 8342 ABOLIUSE A ESCRAVITUDE DOS PRIMATES EN HERMES, DERRADEIRO PLANETA QUE A MANTIÑA. ISO SUPUXO UNHA TOTAL INCORPORACION DOS PRIMATES A SOCIEDADE. APROXIMABASE O GRAN CAMBIO DA ERA DÉLFICA.

7.

Fragmentos de la Enciclopedia Delfica é unha obra na que predomina unha visión optimista da vida humana. Parece como se, a través das súas páxinas, Miguelanxo Prado quixese contarnos que o camiño evolutivo da humanidade vai ser moi complicado, cheo de atrancos e de pasos atrás, pero que, á fin, a forza da razón acabará por se impor a as cousas irán saíndo dun xeito desexable. Nas doce historias que compoñen a obra, vánsenos contando algúns momentos significativos que ilustran, con vidas concretas, o que lemos nos datos fríos, colocados ó principio dos respectivos capítulos. E tódalas historias remiten, dun xeito ou doutro, a conflitos reais e de agora mesmo.

No relato "Area", unha cultura minoritaria é destruída polo impacto dos meteoritos, cargados de valiosos minerais, que se lanzan á terra desde o espacio, para aforrar custos de transporte.

¿Como non ver nisto unha metáfora da extinción, por poñermos un exemplo, das culturas indíxenas que está a provocar a deforestación da Amazonia? ¿Ou, profundizando algo máis, do esmagamento das culturas minorizadas en nome dun universalismo de raíz imperialista? No relato "A derradeira voz", un supervivente da matanza da historia anterior forma parte dun grupo de homes de Ganímedes que loitan pola independencia do satélite e que levan a cabo un atentado terrorista contra o poder establecido. ¿Debemos entender isto como un amable conto de ciencia-ficción ou como unha reflexión sobre a actualidade máis inmediata? No relato "Sangue de deuses", dous homes -brancos, naturalmente-, teñen ó seu cargo un conxunto de chimpancés hominizados, obreiros que fan o pesado traballo das minas (os épsilon Z do Brave new world de Huxley). Un chimpancé con sotana devana sermóns adormecedores, invitando a aceptar a orde(?) establecida; e, para os casos nos que algún destes chimpancés intelixentes se rebela, os humanos, que adoptan o rol de deuses, dirixen o raio láser desde as súas instalacións e acaban con el. ¿Non atopamos esta mesma situación, alén dos adornos, en tantas situacións da sociedade de hoxe (e Sudáfrica pode ser o exemplo máis inmediato, aínda que poderíamos pensar noutras situacións máis cercanas). No relato "Despedida", as persoas que posúen o control da sociedade non entenden ós humanos máis novos, que intiman coas árbores intelixentes e están decote preto delas; en consecuencia, deciden destruílas, con consecuencias que rematan por ser fatais. ¿Fai falta aclarar que aquí latexa a diferente visión do mundo que hoxe enfrenta ós partidarios do desenvolvemento por riba de todo (por riba da destrución da natureza tamén, en nome do progreso) e ás persoas que militan no movemento ecoloxista, defensores dun concepto diferente do desenvolvemento humano? E así poderíamos seguir, relato a relato. Sen a penas concesións, cuns argumentos atractivos, cuns diálogos admirables e, sobre todo, cunhas imaxes de rara perfección, Miguelanxo Prado proponnos, viñeta a viñeta, unha viaxe ó interior de nós mesmos, invitándonos a unha lúcida reflexión sobre todos os problemas que hoxe a nosa sociedade ten pendentes de resolución.

8.

Dixen antes que aínda estamos moi lonxe dunha plena aceptación social da narrativa debuxada, dos cómics. Asocialos cunha visión banal e simplista aínda é un lugar común, froito da visión estereotipada e reductiva que se ten deles: unha especie de productos cos que un se pode entreter nun momento dado, pero que non hai que tomar en serio.

Poden entenderse -pero non disculparse- as razóns desta minusvaloración. Unha grande porcentaxe dos cómics que hoxe se publican teñen unha ínfima calidade plástica e temática. Estes cómics de baixa calidade son, ademais, os que están presentes en todos os quioscos e demais puntos de venda. Claro que o mesmo está a pasar co cine, coas pantallas cheas de productos que parecen pensados para persoas de encefalograma plano; só de cando en vez nos é dado contemplar algunha película con imaxes, cun argumento, cunha estrutura que a fan merecedora de chamarse cine. E, o mesmo que calquera persoa culta sabe distinguir entre un e outro cine, o mesmo hai que lle pedir no que se refire ós cómics.

Pero, por seguir coas analoxías co cine, cómpre recoñecer que ás veces a calidade pode quedarse tan só nos aspectos formais. Non chega cunhas fermosas imaxes ou cunha planificación anovadora. Iso, con ser importante, non é o fundamental. Porque cine e cómic son canles para contar historias, son medios narrativos. O que se nos conta, a través de imaxes ou a través de palabras, é o decisivo.

Transcribo aquí os diálogos dunha das páxinas de Fragmentos.... É a páxina 51 e non está elixida ó chou:

- Ben, Lohengrín. Imos perder esta tarde xulgándote... por incitar á rebelión e á desorde; por atacar ó goberno elixido polo pobo... por traidor e por asasino...

- Hai quince anos que o pobo escolle nas eleccións un partido que, sexa do signo que sexa, ganen conservadores ou comunistas, formará un goberno do que ti serás presidenta e homes teus os que o compoñan... Isto é unha farsa... Quince anos nos que a política destes gobernos, a túa política, non foi outra cousa que o propio enriquecemento a costa destas xentes que ti dis que te elixiron... non necesitan que eu os levante en contra túa... sóbranlles razóns a centos.

- Pero... é polo seu ben... o pobo non entende nin de políticas nin de gobernos... nós evitámoslle esa pesada e ingrata tarefa... Cando se vai a un restaurante, escóllese o menú e déixase que sexa o cociñeiro quen o prepare, pois el é o experto... O pobo que continúe elixindo os pratos... xa os cociñarei eu.

- Pero a xente está cansa dos teus menús... saben todos igual, repiten demasiado, son caros e moi indixestos...

...tanto que xa mandaron a moitos ó outro barrio... ¿Cantos condenaches a morrer porque nos lles gustaba como cociñas a política deste planeta?

- Por favor, non me sinales co dedo, posme nerviosa

- ¿Que xuíz supremo cres que es para decidir quen ha vivir e quen non? Non te conformas con encadear... Ti es a asasina.

- ¡Oh, non! Sermóns éticos non, Lohengrín

Mira, a pena de morte non é máis que un medio da sociedade para se defender daqueles que, coma ti, a atacan... Unha miga desagable, pero tremendamente efectivo...

Despois de ler este diálogo (que está incompleto, o máis esencial aparece na páxina seguinte), aínda desprovisto da forza que lle prestan as imaxes, ¿pode alguén dicir que os cómics ofrecen uns contidos banais? Veremos máis adiante, cando abordemos os traballos nos que Miguelanxo Prado desenvolve outras facetas aparentemente máis amables, como a lucidez e a preocupación moral que de sempre veñen caracterizando á mellor narrativa (de Cervantes a Méndez Ferrín, de John Huston ós irmáns Cohen, de Will Eisner e Enki Bilal) está presente, dun xeito explícito ou dun xeito soterrado, na totalidade da súa obra.

9.

Falei ata agora dos contidos de Fragmentos de la Enciclopedia Déléfica e fíxeno coma se os aspectos plásticos non tivesen lugar nesta análise. É certo que, como dixeran antes, o cómic é un medio narrativo, que serve para contar historias. Non me vale, por tanto, o cómic que cae en artificiosidades e oculta uns contidos banais baixo a aparencia dunhas imaxes brillantes e suxestivas. Podo apreciar a forza desas imaxes, a súa calidade, a perfección formal. Aínda que, como na pintura, na arte en xeral, un sempre pida algo máis. Ese algo que, por dicilo cun exemplo cercano, aparecía nunha película, polo demais intrascendente, que acabo de ver hai poucos días ("Obxecto de seducción", de Michael Lindsay-Hogg). Nela, unha criada de hotel, xordomuda, que roubara unha pequena escultura de Henry Moore, respostaba así á pregunta sobre os motivos que lle levaran a collela: "Porque estaba alí, e faloume, e eu escoiteina". O cómic é un medio narrativo, si, pero narra sobre todo a través das imaxes; a palabra ten só unha función subordinada. De aí que a imaxe sexa decisiva, tanto na súa morfoloxía como na súa sintaxe. As diferentes planas de Fragmentos de la Enciclopedia Déléfica son un paradigma, como dixeran antes, desas rara perfección formal que só en contadas ocasións podemos atopar. Viñeta a viñeta, plana a plana, atopamos a forza gráfica, a variedade de rexistros, o dominio técnico do debuxo. Pero atopamos tamén a planificación coidada, o encadre exacto, a

montaxe eficaz que fai posible que a narración nos enganche e non nos solte ata o final. Orson Welles dicía que onde realmente se facían as películas era na sala de montaxe, unha afirmación que tamén é perfectamente aplicable ó cómic.

10.

O álbum *Stratos*, o segundo na obra de Miguelanxo Prado, apareceu en 1987. Recollíanse nel os sete capítulos que foran aparecendo durante o ano anterior na revista 1984. Como en *Fragmentos...*, a acción transcorre nun tempo futuro, ó redor do ano 2115. Esta translación temporal vaille permitir unha maior liberdade na creación dos ambientes e das situacións que lle interesa tratar; liberdade que aproveitará para falarnos, unha vez máis, sobre o tempo presente.

Para os que fomos seguindo no tempo a obra de Miguelanxo, *Stratos* significou unha constatación que logo se evidenciou con máis claridade en todas as obras posteriores: se había un cambio de tema, había tamén unha proposta plástica diferente. Demostrando que fondo e forma son indisolubles, o autor renunciaba ó fácil camiño de insistir nun estilo gráfico que xa demostrara a súa rendibilidade e ofrecíanos unha nova estética que cadraba á perfección cos temas e co ambiente que agora se trataba. Porque, se ben hai unha innegable continuidade entre *Fragmentos...* e *Stratos*, as diferencias son tremendamente significativas. No primeiro álbum predominaba unha visión optimista da sociedade; eran moitos os conflitos, as épocas de barbarie, as maldades persoais. Pero remataba por se impor unha evolución globalmente positiva, tanto para o planeta Terra (ocupado finalmente polos arroaces e os homínidos intelixentes) como para a especie humana, (viaxeira a través doutras galaxias, quizais tan poderosa coma os "facedores de estrelas" que novelou Olaf Stapleton). Pola contra, o panorama que se nos presenta en *Stratos* é sombrío, non ofrece fendas que permitan alviscar unha raiola de optimismo. O que aquí se nos ensina é o panorama que nos agarda á sociedade actual, á sociedade baseada no consumo e na depredación dos recursos naturais, se segue polas liñas marcadas e aceptadas hoxe maioritariamente. Trátase dun álbum duro, insólito no cómic actual, cunhas propostas ideolóxicas que cada ano que pasa se perciben como máis actuais. E cunha complexidade narrativa que paga a pena analizar máis polo miúdo.

11.

"E é que *Stratos* supón algo moi serio: unha reflexión poética sobre a dexeneración do sistema capitalista, sobre os diversos absurdos a que conduce a acumulación. Estas reducións (anticipativas) do que hoxe temos ata extremos de utopía, quero dicir de utopía posible no sentido de Ernst Bloch, poñen a pel de galiña, porque o aparente irreal explica e dá sentido ó realmente presente. A súa forza, a de Miguelanxo Prado en *Stratos*, non radica no terrorismo satírico de Swift, nin é un manifesto contro il laboro, coma no caso de *Island* de Aldous

Huxley. Isto fire porque en Occidente, hoxe, todo camiña na mesma dirección que o narrador e debuxante nos sinala.

Calidade de estilo e dureza conceptual existen nalgúns dos novos autores de cómic, entre os que se encontran Christin/Bilal e Prado. Fronte á vaporosa delicuescencia postmodernista que invade, por exemplo, o vídeo ou a poesía do noso tempo, con irisacións deliberadamente insignificantes, fronte á belixerancia ideolóxica que vemos en todas partes contra calquera forma de literatura ou de creación crítica, aparece esta historieta, capaz de ilustrar a Historia. En realidade, soubémolo sempre: Woolrich era quen de explicar mellor a Norteamérica da Depresión nunha páxina de diálogo que moitos tomos saídos dos seminarios universitarios."

X. L. Méndez Ferrín (anacos do prólogo que escribiu para o álbum Stratos).

12.

Stratos, o título do álbum, fai referencia á idea vertebradora que lle dá o sentido final ó conxunto das sete historias. Porque Prado imaxina unha sociedade ferreamente estruturada en clases sociais: unha sociedade coma a de agora, onde as clases son tan evidentes que os ideólogos do poder teñen que estar teimando, unha e outra vez, na ilusión da sociedade horizontal e aberta. Hai un cómic de Moebius, "The long tomorrow", no que a estratificación social está resolta cunha idea gráfica excelente: o mundo no que transcorre a historia, unha inmensa cidade construída baixo a superficie do planeta, ten innumerables "pisos" hacia abaixo. De maneira que cada nivel corresponde a unha certa clase social, a un poder económico. Os que viven nos niveis máis cercanos á superficie son os que mandan; os que habitan os niveis inferiores, inhóspitos e perigosos, son os marxinados e os que non teñen ningunha posesión de valor. Curiosamente, o relato de Moebius (tamén) está considerado como de ciencia-ficción. Pero se se cambia a dimensión vertical pola horizontal e se examina a división topográfica das nosas cidades (esas liñas invisibles que a fragmentan en zonas nas que habitan distintos grupos sociais, en función do poder económico) atoparíamos unhas similitudes inquietantes.

Pois ben, algo semellante ocorre en Stratos. Miguelanxo Prado irá amosándonos as diferentes clases, os diferentes estratos da sociedade ¿futura?, empezando polo máis baixo: o dos proletas ("E falando de proletas... ¿sabes que me dixo o director? ¡Que se demostrou que non teñen alma! Así se explica que só servan para eses traballos e que vivan como viven!", di un dos personaxes da historia) e subindo, de vagariño, ata o máis alto: o das oito persoas que, desde a sombra do poder económico, controlan todos os gobernos mundiais. Pero, nunha construción exemplar, o percorrido por estes estratos facémolo por medio dun mecanismo narrativo que serve para engarzar con fluidez unhas historias con outras: o protagonista de cada un dos relatos é sempre un dos personaxes que aparecían de recheo na historia precedente.

Asistimos así a un feroz axuste de contas cos absurdos sobre os que hoxe se basea a nosa sociedade. No primeiro relato, os protagonistas son dous obreiros que están a piques de ser despedidos da empresa para a que traballan. Os planos que nos mostran as súas condicións de vida e de traballo deixarían pálido ó Dickens que retratou o lado salvaxe do capitalismo do XIX. Un deles non dubida en matar ó compañeiro para conservar o seu emprego. A fin, o paro será tamén o seu destino.

Despois, en lenta ascensión, imos pasando revista á obsesión polo consumo, omnipresente na nosa sociedade (jeses planos coas rúas ateigadas de carteis publicitarios!), ó racismo máis exacerbado (nunha das historias cóntasenos como un grupo de altos executivos van a África para ver unha auténtica tribu salvaxe. Un deles di: "Os auténticos extinguíronse, pero a partir de cachorros de proleta, criados en estado salvaxe, conseguiuase recuperar esa especie desaparecida. ¡A ciencia é grande!"), á corrupción que domina unha boa parte do entramado social.

Chegamos, no quinto relato, ó nivel máis alto. A protagonista é Ilka Meséjic, unha das oito persoas que controla o mundo, aínda que cara á sociedade figure como unha alta directiva dunha empresa de computadoras. Unha persoa que nun momento dado entra en crise e vai visitar a un vello membro dese clube de elixidos, Einar, agora retirado en pleno campo e adicado ós seus bonsais. O diálogo non tén desperdicio. Nun momento dado, preguntado polo porqué da súa retirada, Einar contesta: "Perdín a miña fe no Plan... herdamos unha sociedade que era unha tubería podre... e en vez de cambiala liámonos a lle poñer parches. Rebentará en calquera momento e nós, o sdirectivos, dictadores secretos, determinando pobrezas, riquezas, consumos, produccions, éticas, políticas... Non podemos salvarla, só prolongar a agonía". Despois da toma de conciencia, Ilka introduce nos ordenadores os datos suficientes para que o proceso de degradación se acelere, e foxe para o campo, onda Einar.

O resultado é a desaparición dos estratos tal como estaban configurados e a aparición dunha nova sociedade que se rexe pola máis crúa lei da selva; unha sociedade na que o proleta do primeiro relato (porque non queda ningún fío solto nesta historia, e todos os cabos que -aparentemente- quedaran soltos se retoman nestas páxinas finais) agora é un ganster que controla un sector da cidade; unha sociedade na que o arquitecto, recién regresado de África, decide, á vista do panorama, volver á súa vida cos salvaxes; unha sociedade na que xa está plenamente extendido o xerme da autodestrución.

O capítulo derradeiro, brevísimo, ofrécenos a imaxe de Ilka, no seu refuxio do campo, despois da morte de Einar. Decide volver á sociedade (?) e, aínda que promete regresar á casa, a secuencia derradeira, un longo plano fixo que nos marca o paso do tempo, indícanos, nun final aberto, que nunha sociedade así xa non son posibles os privilexios.

13.

A proposta gráfica de Stratos é coherente co contido, como dixen antes. Trátase dun grafismo escasamente compracente co lector, cuns personaxes de rasgos caricaturescos, nunha liña tan feroz coma a de George Grosz. Uns personaxes arquetipos, nos que doadamente recoñecemos tipos e comportamentos actuais. O debuxo resólvese case exclusivamente coa utilización da liña, con viñetas nas que os tramados, cunha estética expresionista, recollen o ambiente opresivo axeitado a certas escenas. Noutras viñetas, pola contra, aparece a estilización formal que estaba xa presente nalgunhas páxinas da Enciclopedia Déléfica.

E, mentres nas figuras e ambientes se busca deliberadamente unha estética feísta (son admirables, neste sentido, as páxinas da historia dos dous obreiros), ateigada de claroscuros, que non encaixa coa que os lectores de cómics están afeitos a atopar, na planificación das páxinas, na montaxe das viñetas, afóndase na rara perfección que xa estaba presente en "Fragmentos...". Algunhas planas (a 15, a 26, a 56, a 59 ...) son, neste sentido, antolóxicas. Stratos foi, na miña opinión, unha intensa viaxe por un camiño que Miguelanxo Prado explorou minuciosamente, expreméndoo ata as últimas consecuencias. A nova obra tiña que ser, forzosamente, diferente.

14.

La violencia no dura eternamente, dijo da Vinci. Pero
¿y estas ciudades donde enloquecimos?

José María Álvarez: Museo de Cera.

15.

As oito narracións que configuran as Crónicas Incongruentes, a seguinte obra de Miguelanxo Prado, apareceron na revista "Comic Internacional" ó longo do ano 1986, aínda que, por diferentes problemas de tipo editorial, en España non se publicaron en forma de álbum ata o ano 1990.

Estas narracións ofrecían moitas novidades respecto á obra anterior de Miguelanxo Prado. As máis evidentes eran, no plano formal, a utilización da cor (que xa empregara con anterioridade nalgunhas historias curtas) e o tratamento gráfico de persoas e ambientes, cunha acentuación dos rasgos paródicos e caricaturescos. Este último aspecto viña obrigado, unha vez máis, pola necesaria adecuación ós novos contidos que o autor abordaba nestes relatos.

Comparando este álbum cos dous anteriores, semella coma se Miguelanxo Prado, logo de axustar as contas coa sociedade actual na súa globalidade, decidise, non un cambio de tema (veremos que os problemas de fondo seguen sendo os mesmos), senón un cambio radical no enfoque e no tratamento. Agora non aparece o recurso a unha sociedade futura, senón que todo ocorre no tempo presente (aínda que sexa un presente que o mesmo Prado ten calificado de "imaxinario", cousa aceptable se só se aplica a certos elementos ambientais) ; agora os problemas non se enfocan coa seriedade de antes, senón que aparece abertamente o humor só insinuado nas obras anteriores.

Como lector, creo que o recurso ó humor era inevitable. Tratar os problemas da violencia cotiá, as senrazóns coas que decote convivimos, son cousas que un narrador so pode facer dun xeito efectivo pola vía do humor. Aceptado que o mundo actual asenta as súas raíces na violencia, resulta lóxico que se busquen as consecuencias dese desorde global na nosa existencia diaria.

"Debaixo de todo humorismo hai sempre unha grande dor. Por iso no ceo non hai humoristas", di Castelao que dixo Mark Twain. Todo o que hai detrás desa frase pode servirnos para explicar cal é o fío conductor que elixiu Miguelanxo Prado nestas Crónicas Incongruentes: sete historias que moi ben poderían ser reais (ó lelas, temos a sensación desacougante de que aquilo non é inventado, o espello non está tan deformado como para impedirnos recoñecer personaxes, paisaxes, situacións). A habilidade de Miguelanxo Prado está, precisamente, en abordar as situacións cun enfoque que lembra a máxima de Octavio Paz ("Pódese ser provinciano no centro de Nova York; pódese ser universal nunha aldea dos Andes"), trascendendo a anécdota e elevándoa á categoría de paradigma. Son historias nas que calquera persoa, sobre todo se vive en ambientes urbanos, se recoñecerá. Atopamos nalgunha un certo aire amable, unha especie de simpatía polos personaxes, cos que non nos resulta difícil identificarnos. Pero na maioría o que predomina é unha ollada ácida, herdeira do esperpento de Valle ou dalgúns debuxos de Castelao, nada compracente e na que, por veces, o humor nin tan sequera é quen de disimular a ferocidade da situación escollida. Véxase, senón, a Crónica 3, na que se abordan os malos tratos á infancia no seo familiar; ou a Crónica 5, na que se trata a vida social nas grandes cidades (inseguridade, insolidariedade, o papel da autoridade). Pola contra, noutros temas, como o abordado na maxistral Crónica 7, onde se analiza a violencia social que un espectáculo deportivo de masas pode producir, a redución ó absurdo que Miguelanxo ensaia supón un camiño acertadísimo, dado que permite apreciar na súa auténtica dimensión o grao de irracionalidade a que se pode chegar e a utilización política que deses sentimentos primarios se pode facer.

Non hai que esquecer, de calquera xeito, que un cómic non se pode contar. Se así fose, as imaxes serían innecesarias. As Crónicas Incongruentes acadan o grao de comunicación tan elevado mercede ás súas imaxes. Polas súas páxinas desfila unha galería de personaxes exemplar: rostros de homes e mulleres que son o

resultado dunha ollada atenta e implacable, unha ollada que recolle os rasgos esenciais, os comportamentos, da xente que habita nas cidades e nolos devolve sen enfeites de ningún tipo. Como na mellor caricatura, a imaxe deformada non oculta o real, senón que o fai máis evidente.

E están logo os ambientes, outro dos acertos plenos deste álbum. Uns ambientes nos que a elegante simplicidade da liña non nos fai esquecer a súa coidadosa elaboración; un tratamento orixinal dos espazos urbanos, cuns edificios opresivos, omnipresentes, que por veces parecen contribuír ó esmagamento dos personaxes. Un traballo minucioso nos detalles, nos obxectos, que esixe unha demorada lectura das imaxes presentes en cada viñeta.

16

"O humorismo, ó se burlar da súa propia debilidade -ou da fortaleza do alleo- o que fai é destruílas, disolvelas en sorriso.(...) Entre nós o humorismo é unha verdadeira virtude do individual. Afina e agudiza as cualidades defensivas do ser singular, desenvolvéndose ata a súa máxima potencia. Con el, a marabillosa figura de percepción psicolóxica e a afiada ironía da crítica intelectual estarán sempre a punto para a defensa da liberdade íntima do home. En realidade e tal como en Galicia o entendemos, o humorismo só pode nacer nunha complexa e constante tensión espiritual. É unha forma de sabiduría"

Ramón Piñeiro (citado en O segredo do humor, de Celestino Fernández de la Vega)

"Eu penso que, para sobrevivir nese entorno no que estamos, temos xa establecidas unha serie de defensas que nos permiten ignorar todo iso que acontece ó noso redor. Realmente convivimos ata tal punto con ese tipo de violencia admitida e de tensión que a consideramos normal e non nos afecta. Cando te botas na cama e dás en repasar todo o día desde ese punto de vista unha miga máis crítico decátaste da cantidade de salvaxadas que fas e que che fan. Cando es un pobre home, sen ir moito máis aló, como podo ser eu e como non me podo filar cunha vella que se me coou na froitería, chego á miña casa e digo: pois agora vou escribir unha historia e voume meter coa vella. A final de contas é unha vinganza."

MA. Prado (anaco da entrevista aparecida en Cairo, nº 64)

17.

Para quen coñeza o mercado das revistas de cómics españolas, o inicio da colaboración de Miguelanxo Prado con El Jueves debeu resultar, cando menos, desconcertante. ¿Como encaixaba un dos mellores autores do novo cómic español e europeo, autor de rigorosas propostas formais e temáticas, nunha revista aparentemente banal, dirixida a un gran público que, nunha boa

porcentaxe, non compra a revista polos escasos cómics que inclúe, senón polo humor gráfico, moitas veces de sal gorda, que contén?

Aínda que aborden xéneros aparentemente máis banais, os grandes autores non fan nunha historias menores. E isto axiña quedou demostrado cando empezaron a aparecer en El Jueves as primeiras historias da serie Quotidianía Delirante. Unha serie de historias curtas (case sempre de catro páxinas, a toda cor) que recolle moitas das constantes presentes xa nas Crónicas Incongruentes, aínda que a limitación de espazo obrigue a que aquí a historia sexa máis mínima e teña un tratamento menos complexo.

Trátase, máis que de historias, de situacións. Pero son situacións que participan do mesmo enfoque: buscan ser un reflexo do sensentido cotiá, da violencia presente nas relacións sociais, da intransixencia ideolóxica, do odio á diferenza, da ausencia de cultura democrática, do absurdo de tantos comportamentos estereotipados e normas sociais caducas, do engano abusivo a que nos someten os medios de comunicación. Coma se dun novo "diablo cojuelo" se tratase, MA. Prado vai erguendo, non os tellados das casas, senón a sutil capa de verniz que chamamos convivencia: o resultado son as historias desta serie. O acertado título da mesma é o mellor resume do que se pretende con este conxunto de narracións.

Por outra banda, o tratamento gráfico, aínda que nalgúns das historias non sexa tan minucioso, obedece ás mesmas constantes: personaxes arquetipos, cos rasgos básicos acentuados pola caricatura; as paisaxes urbanas tan peculiares; o tratamento orixinal dalgunhas convencións específicas da linguaxe dos cómics (o brillante achado das liñas de movemento, as persoais onomatopeais, a funcionalidade dos "globos"); o emprego da cor, a planificación coidada e de grande eficacia, etc.

As historias publicadas na revista apareceron logo recollidas en dous álbums, os dous co mesmo título: Quotidianía Delirante. En cada un deles hai 16 relatos e, como xa dixen, a referencia ás Crónicas incongruentes é inevitable; porque os temas subxacentes son os mesmos, aínda que aquí sexa máis perceptible a liña de humor, enfatizándose a vertente máis cómica dunha serie de situacións que, no fondo, son tremendamente trágicas ("non vos riades, que o conto é serio", dicía Castelao), xa que non son máis que as marcas externas que nos lembran as liñas de violencia sobre as que se asenta o entramado social, nesta feira das vanidades que é a sociedade actual.

Habería que salientar, neste sentido, o ferrete crítico, a ollada implacable de Miguelanxo Prado e o acertado emprego do humor para envolver o seu discurso. Porque, se deixamos á parte a deliberada esaxeración coa que se tentan disfrazar as diferentes situacións, o que vemos nas historias non son máis que apuntes tirados da realidade diaria, momentos nos que nos sentimos retratados, nos que nos recoñecemos. Relatos como o da nai e o profesorado

do Instituto; ou o do pai de familia intolerante diante do feito nudista; ou a delirante escena da floristería; ou a patética procura da árbore de Nadal; ou os que teñen como protagonista principal o automóbil, omnipresente na sociedade urbana... conforman unha galería de retratos que, no seu conxunto, rematan por ser as pezas dese puzzle que, cando está completo, é a nosa existencia cotiá. Pódese dicir que nesta obra está o mellor do Miguelanxo Prado moralista, se recuperamos para este termo o seu sentido orixinal.

18.

Manuel Montano. El manantial de la noche é, dentro do conxunto da obra de Miguelanxo Prado, un álbum diferente. Aparecido en 1989, nel recóllese os relatos que, en forma seriada, se publicaras con anterioridade, ó longo de varios meses, na revista Cairo. Esta revista, hoxe desaparecida, caracterizábase pola súa aposta abertamente minoritaria: os cómics que nela aparecían eran distintos, tanto formal como tematicamente, ós que estamos afeitos a ver noutras publicacións. E, aínda que as aventuras de Manuel Montano tamén terían encaixado doadamente noutras revistas, creo que a inclusión en Cairo foi acertada, xa que non é un álbum que se poida despachar cunha lectura apresurada.

A razón básica da diferenza de El manantial de la noche co resto da obra de Prado está, penso eu, na súa colaboración co guionista Fernando Luna. É dicir, neste álbum só é de Miguelanxo a parte gráfica, a plasmacións das historias en imaxes; pero esas historias non son del, e iso nótase enseguida. Non quero dicir con isto que sexan mellores ou peores, senón que son distintas, están escritas nun rexistro diferente.

No álbum recóllense seis relatos que, adaptándose ás regras do xogo que veñen dadas pola pre-publicación en revista, poden ser lidas dun xeito independente, aínda que acaden o seu pleno sentido nunha lectura conxunta. As narracións, escritas nun tono poético,

recollen as aventuras -se se lles pode chamar así- de Manuel Montano, un detective de mala morte que vive nunha pensión e tenta, na súa vida, reproducir a mitoloxía dos heroes da novela negra. Pero esas aventuras, sinxelas, case cotiás, que acontecen no ambiente sórdido dos suburbios dunha grande cidade, son completamente abertas, teñen unha deliberada ausencia de contidos narrativos tradicionais. Porque o que nelas predomina é a descrición de sensacións, de vivencias, de sentimentos, sempre nun tono poético, amable, intimista. Manuel Montano, protagonista e fío conductor, é un personaxe que nos resulta cercano precisamente pola súa pouquitude: desprázase nunha moto vella; o seu mellor alimento son as sardiñas en lata, que come na soedade da pensión; os casos que lle ofrecen son tan peregrinos como, por exemplo, a procura de quen rouba as bombillas da escaleira (un caso doado de resolver, xa que o ladrón era o mesmo Montano); asáltano na rúa e o ladrón é o seu mellor

amigo, etc. Un pobre home, un duro que amolece diante de calquera situación na que haxa algunha persoa á que se lle pode facer sufrir.

Creo que o máis acertado destas historias, xa que logo, é esa vontade de utilizalas como un pretexto para ensaiar unha visión poética da realidade. E aquí entra o traballo de Miguelanxo Prado, un dos máis brillantes que ten realizado empregando a cor. Recollendo as constantes estilísticas que xa estaban nas Crónicas Incongruentes e en Quotidianía Delirante, consegue recoller ese ambiente -sórdido pero tenro, patético pero cálido- que envolve cada unha das historias. As esceas nocturnas, sobre todo, son un prodixio de sensibilidade. Sen esquecer algunhas páxinas antolóxicas, como a inicial, na que os autores crean/presentan a Manuel Montano. Cada plana deste álbum é, de calquera xeito, unha proposta plástica esplendorosa, con viñetas de arquitectura minuciosa, con personaxes secundarios inesquecibles, cunha utilización da cor que nos engaiola, cunha elegancia formal que sabe recoller o mellor da proposta narrativa de partida. En resume, unha obra na que Miguelanxo se nos mostra en toda a súa plenitude.

19.

"Hai cousas, estados de ánimo que cando pintaba me sentía máis identificado pintándoo expresionista que pintándoo hiperrealista. E, ben, nunca me preocupe de conseguir un estilo. E é que non é unha cuestión de estilo. Eu diferencio entre estilo e personalidade. Estilo paréceme que é escoller un xeito determinado de facer, que a min non me serviría, porque me limitaría nos temas, por esa concepción que teño de que cada cousa hai que contala coa linguaxe axeitada. (...)

Se téis un estilo moi definido, unha de dúas: ou es moi bo e consegués axeitar ese estilo a calquera historia que ti desexes contar ou é que, quizais, só che interesa un tipo de historias, que tamén é unha posibilidade. Como a min me gusta contar hoxe unha historia de ciencia-ficción e mañá unha costumista e pasado pois... unha de corte lírico poético, non podo debuxar igual."

MA. Prado (anacos da entrevista aparecida en Cairo, nº 64)

20.

Existen unha serie de traballos de Miguelanxo Prado que non están recollidos en álbum individual. Algúns deles son historias feitas para unha serie de álbumes colectivos, en cada un dos cales se recolle a visión de diferentes autores sobre un tema determinado. Eu, como lector, lembro agora as súas colaboracións en álbumes como Norte-Sur (coa narración "Las rutas del agua"), 1789-La Revolución Francesa (coa extraordinaria "Bis repetita"), El Muro (co relato

gráfico "Collage de una renuncia") e Pop Español (con "Fai un sol de carallo", unha interpretación da canción de "Os Resentidos").

Sendo traballos moi diferentes, quixera salientar aquí unha primeira evidencia: todos eles son relatos de encargo, suxeitos de entrada ó tema común prefixado. E en todos consegue Miguelanxo transcender ese a priori, integrándoo coas súas preocupacións esenciais, coa súa visión persoal do mundo. E ofrecendo, ó tempo, unha das máis interesantes dimensións da súa obra.

Porque estes cómics ós que me estou referindo presentan novas dimensións, posibles novos camiños formais que quizais se amplifiquen en obras posteriores. "Las rutas del agua" ofrece unha narración cunha plástica máis achegada ó que é a pintura, co emprego das masas de cor sen a liña delimitadora dos contornos. Iso, que inflúe na concepción global da páxina, dota ó relato dunha forza gráfica distinta, que serve de canle a unha narración que é unha metáfora dun xeito de entender o mundo.

"Bis repetita" é un relato fascinante, que recolle algunhas propostas temáticas dos Fragmentos de la Enciclopedia Déléfica, pero cunha resolución gráfica diferente, absolutamente anovadora. A atmósfera do relato, opresiva coma algúns dos soños de Cortázar, atopa a súa expresión máis acabada nesas viñetas de cores opacas, de xogos cromáticos sutís, onde a intensidade dos acrílicos queda reforzada polo propio soporte empregado. "Collage dunha renuncia" é un espléndido relato, con textos e ilustracións que se integran á perfección, e que salienta, coa súa profundidade, nun álbum decepcionante, que agás excepcións, só amosa a epiderme da conmoción que supuxo a caída do muro de Berlín.

"Fai un sol de carallo", ó servicio da canción homónima, ten como elemento máis destacable a absoluta brillantez da posta en escena.

En resume, estes relatos breves, sobre todo os tres primeiros, son unha acertada mostra da seriedade, formal e ideolóxica, das propostas de Miguelanxo Prado.

21.

Hai un conxunto de relatos soltos, a maioría presentes nesta exposición, que se foron publicando en diferentes números das revistas Cimoc e Cairo: Balada de saxo y neones, Tanxencias, Deidades ociosas e Demorado crepúsculo de octubre . Miguelanxo Prado coñéceos co nome común de "Tanxencias" e hai que recoñecer que este nome di o esencial da serie. Tanxencias. Porque son historias ó redor da parella, historias dunha muller e dun home que son o retrato esencial de calquera de nós. Relatos de encontros e desencontros, sobre o amor e o desamor. Como dúas liñas curvas que buscan un achegamento, chegan a se tocar nun punto -tanxencias- e logo, inexorablemente, se volven a alonxar, nunha traxectoria que ven marcada pola súa propia esencia curva. Os membros desas parellas que Miguelanxo nos

presenta teñen un comportamento semellante, buscan con desespero manter os lazos de unión que un día fixeron posible a relación ("el amor está en lo que tendemos / puentes, palabras...", di José Angel Valente) pero, coma se algo fatal se interpuñese, acaban aceptando a fugacidade dos sentimentos.

A proposta formal destas historias é fascinante. Cores negras, grises metálicos, azuis de chumbo. Personaxes e obxectos resoltos a través dunha estilización impecable. Un tratamento da luz case máxico, con esas manchas de branco acrílico que salientan sobre o fondo escuro do soporte. Uns encadres que son moitos máis que un recurso formal ("un travelling é unha cuestión de moral", dicía Jean Luc Godard). Tanxencias é, para quen isto escribe, o exemplo máis acabado do elevado grao de perfección que caracteriza a obra de Miguelanxo Prado.

22.

Qué oscuro el borde de la luz / donde ya nada / reaparece.

José Angel Valente: Punto cero.

Agustín Fernández Paz